

# A AELG insta a agasallar un libro e unha flor o Día de Rosalía

Suxire aos concellos que celebren o 23 de febreiro.



Un escaparate con novidades editoriais dentro da Semana do Libro de Compostela (Selic) (Foto: Selic).

A **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)** quiere conmemorar o aniversario do nacemento de **Rosalía de Castro**, o [23 de febreiro](#), animando a poboación a que "agasallen un libro en galego e unha flor alén doutras accións que contan con grande aceptación e impulso por parte da sociedade, e moi especialmente polo sector educativo".

Segundo explican nun comunicado, para a edición de 2022, que levará o lema de **'Sementade Pensamentos'**, escolleron para a realización do seu manifesto a escritora **Beatriz Maceda**. Na declaración, titulada 'Pensar(te) libre', a autora sinala no texto que "a forza que atopamos en Rosalía de Castro" sitúase en "recoñecérmonos como pobo forte, unido na nosa lingua".

Polo tanto demanda que "abracemos, entón, a desorde das ideas e a marcha dos pensamentos para seguir o navegar de Rosalía de Castro na voz das persoas humildes".

---

Alén do acto central, que terá lugar ás 12 horas do sábado 19 de febreiro no **Panteón de Galegos Ilustres**, a AELG, en colaboración coa súa base asociativa, está organizando por todo o país lecturas públicas da obra de [Rosalía de Castro](#). En todos estes actos lerase o tradicional manifesto da AELG.

Desde a entidade aconsellan, coa intención de expandir o poder da palabra rosaliana entre a xente nova, conmemorar o Día de Rosalía de Castro nos centros de ensino con accións colectivas de difusión da súa obra.

## Colaboración dos concellos galegos

A AELG lembra que "ao longo destes 11 anos propuxemos a presentación de mocións para ser aprobadas polos plenos dos concellos do país". Neste período obtiveron unha resposta afirmativa nos municipios da Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pobra do Brollón, A Rúa de Valdeorras, Allariz, Ames, Arteixo, Baiona, Bergondo, Betanzos, Bueu, Burela, Cambados, Cambre, Carballo, Carnota, Cedeira, Cee, Cerceda, Chantada, Entrimo, Fisterra, Foz, Lalín, Lobeira, Melide, Miño, Muros, Narón, O Rosal, Ourense, Padrón, Poio, Pontearreas, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Compostela, Silleda, Teo, Tui, Valdoviño, Vigo, Vilasantar e Xermade. Sumáronse tamén as Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra.

Para este 2022 a proposta da AELG para os plenos municipais galegos consiste en declarar, ou celebrar se xa foi declarado, o [23 de febreiro, Día de Rosalía](#), no concello. Ademais, demandan que se emprenda e apoie a realización de actividades de promoción da obra da escritora que impliquen o conxunto das veciñas e dos veciños do municipio coincidindo con ese mesmo día.

Por último, propoñen realizar unha lectura pública dalgúns textos representativos da obra rosaliana nun lugar destacado de cada concello na que o alumnado dos centros escolares da localidade e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Alén diso, desde a AELG convidan os centros a agasallar publicacións de autoras e autores en lingua galega, comprados se é posíbel en librarías situadas no propio concello, ao alumnado daqueles centros de ensino do país que fagan actividades de celebración desta xornada conmemorativa.